

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 pais/nais**, dun total de 4 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2014. En consecuencia continúan froito do proceso de elección directa do ano 2014:

- a. – Don Jorge Palanca Martín
- b. – Don Roberto Vidal Castro

E quedan vacantes as prazas de:

- a. – Ana M^a Cambón Fidalgo
- b. – M^a Belén Gil Díaz

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do venres, 11 de novembro.**

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas **ata as 14:00 horas do citado día 11 de novembro.**

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, **o día 14 de novembro, ás 14,30 horas.** Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e tres pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá **dende o 15 ao 24 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidencia da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. **Os días 26 e 27 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.**

6.- Poderán actuar como supervisores da votación as nais e pais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **luns 28 de novembro en horario que se comunicará**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, á hora que se comunicará en próxima circular.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un un só nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Carballo, 4 de novembro de 2016.

A presidenta da xunta electoral



Asdo.: Mónica Ferreira Costa.